

Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PORRIÑO, O****Ordenanzas e Regulamentos***APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DOS SERVIZOS PÚBLICOS
DE TRANSPORTE EN AUTOMÓBILES LIXEIROS (TAXIS)**ANUNCIO*

O Pleno da Corporación municipal na sesión ordinaria de data 27 de setembro de 2023, aprobou inicialmente a modificación da ordenanza reguladora dos servizos públicos de transporte en automóbiles lixeiros (taxis). Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional da modificación da ordenanza reguladora dos servizos públicos de transporte en automóbiles lixeiros (taxis), cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento.

*ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS SERVIZOS URBANOS DE TRANSPORTES EN
AUTOMÓBILES LIXEIROS (TAXIS) DO CONCELO DO PORRIÑO*

Esta ordenanza propónse de acordo co disposto na disposición última terceira da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e artigo 25.2 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

Esta ordenanza ten como fin a ordenación do servizo de taxi que se presta no municipio do Porriño de acordo cos principios de responsabilidade pública, universalidade, accesibilidade e continuidade na prestación dos servizos de taxi, a calidade na prestación dos servizos e o respecto dos dereitos dos usuarios e usuarias recoñecidos e recoñecidas pola lexislación vixente e a incorporación dos avances técnicas que permitan a mellora das condicións da prestación.

*TITULO I.— OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**CAPITULO I. OBXECTO**ARTIGO 1.*

A presente Ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi prestado ao amparo das licenzas de taxi do municipio do Porriño.

Aos efectos desta Ordenanza enténdese por servizo de taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

distintivos de taxi e realízase por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

Constitúen títulos habilitantes para a prestación do servizo de taxi os seguintes:

- Licenzas de taxi: habilitan para a prestación dos servizos urbanos de taxi e son outorgadas polo concello.
- Autorizacións interurbanas de taxi: permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo órgano competente da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de transporte.

Os títulos habilitantes outorgaranse sen prazo de duración prefixado, aínda que a súa validez quedará condicionada ao seu visado xornal por parte do órgano competente en cada caso de acordo coa lexislación vixente.

CAPITULO II. INTERVENCIÓN MUNICIPAL

ARTIGO 2.

O concello intervirá no servizo de auto- taxi a través dos seguintes medios:

- Sometemento á precedente licencia municipal
- Fiscalización da prestación do servizo
- Informe sobre a solicitude de revisión das tarifas do servizo
- Ordenanza fiscal reguladora das taxas
- Disposicións complementarias para a prestación do servizo
- Ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a prohibición do mesmo.
- Calquera outra atribución na materia establecida nas normas legais ou regulamentarias.

ARTIGO 3.

As disposicións complementarias que poderá citar o concello refíranse, entre outras, ás seguintes materias:

- Publicidade.
- Quendas de vacacións e de descansos
- Quedas diarias de permanencia no servizo
- Identificación e características dos auto- taxis
- Estacionamento en paradas e adscrición, no seu caso, de vehículos ás mesmas.
- Control rexistral de vehículos, titulares e condutores.

ARTIGO 4.

As ordes individuais constitutivas de mandato poderán referirse, entre outros extremos a:



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

- Determinación de paradas e do número de vehículos que poderán, no seu caso, situarse en cada unha delas.
- Ordenación de servizos especiais e extraordinarios e designación dos vehículos que deban prestalos.
- Cumprimento dos preceptos da presente Ordenanza e das disposicións complementarias ditadas para a súa aplicación.

ARTIGO 5.

As competencias municipais corresponden ós seguintes órganos:

1. PLENO

- a) Acordar a ampliación ou redución do número de licenzas.
- b) La aprobación inicial e definitiva da ordenanza, así como a aprobación das modificacións da mesma, sempre e cando supoña un cambio substancial no exercicio do servizo de taxi.
- c) Determinar o sistema de prestación do servizo (sistema de parada libre ou rotatoria), dentro do principio de igualdade no que se fundamenta a nosa constitución.

2. XUNTA DE GOBERNO

- a) A aprobación do proxecto de ordenanza e a emisión dos informes de todas as modificacións previa a súa presentación no pleno.
- b) A concesión de licencias municipais que queden vacantes ou se amplíen
- c) A aprobación das disposicións complementarias da prestación do servizo
- d) Sinalar os requisitos xerais e especiais que teñan que reunir, en cada caso, os aspirantes ás licencias polo procedemento de concurso.
- e) Fixar ou modificar o número e situación das paradas do servizo de auto – taxi.
- f) Fixar o número de licencias que correspondan a cada unha das quedas de adxudicación.

3. ALCALDÍA

- a) A concesión das licencias que queden vacantes ou se amplíen e a retirada das licencias nos casos previstos nesta Ordenanza.
- b) A concesión ou retirada dos permisos para conducir os vehículos do servizo público e a súa renovación.
- c) Autorizar a transmisión das licencias nos supostos que proceda, de acordo coa presente Ordenanza.
- d) A concesión das autorizacións para adscribilos vehículos ó servizo público e para a súa substitución.
- e) A imposición das sancións previstas nesta Ordenanza naqueles casos en que a competencia non estea atribuída a outro órgano.
- f) Ditar as ordes individuais constitutivas de mandato.



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

- g) Inspeccionar o funcionamento do servizo
- h) Aprobación e revisión das tarifas de ámbito local do servizo de auto-taxi
- i) A incoación de expedientes sancionadores.
- j) A suspensión das licencias en propiedade, do vehículo ou do condutor, mentes se tramita o correspondente expediente, se a gravidade da infracción o requirirse.
- k) Todas aquelas outras facultades que non estean expresamente outorgadas por esta Ordenanza ou por disposicións de rango superior ó Pleno.

TITULO II.— DAS LICENZAS

ARTIGO 6. LICENCIA DE TAXI

Para a prestación do servizo de taxi requírese a obtención da licencia de taxi e autorización interurbana de taxi.

Corresponde ao órgano competente do concello do Porriño o outorgamento da licencia de taxi e ao órgano competente da Xunta de Galicia en materia de transporte a concesión da autorización interurbana.

ARTIGO 7. OUTORGAMENTO DE NOVAS LICENZAS

O outorgamento de novas licenzas de taxi corresponde ao concello do Porriño previo informe vinculante da dirección xeral en materia de transportes e realizáranse mediante concurso público de acordo co establecido na lexislación vixente.

Cando o concello dispoña de licencias para a súa adxudicación, o anunciará no Boletín Oficial da Provincia, indicando o número destas e outorgando un prazo dun mes para que os seus interesados poidan presentar a súa solicitude. Tamén se anunciará na prensa local e no taboleiro de anuncios do concello.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de licencia, o concello publicará a lista de solicitantes admitidos e excluídos no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e na prensa local, ó obxecto é que os interesados e interesadas, así como as Asociacións Profesionais de empresarios e traballadores poidan alegar o que estimen procedente en defensa dos seus dereitos, no prazo de quince días. Esa relación indicará, no caso de asalariados, o tempo de rigorosa e continuada antigüidade no servizo de cada un deles, e para os non admitidos, as causas de exclusión.

A Alcaldía resolverá as reclamacións presentadas, aprobará a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e ordenará a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Neste anuncio sinalarase a data na que se realizará a adxudicación das licencias. O concello adxudicará as licencias a favor dos solicitantes con maior dereito acreditado. Se unha vez rematado o procedemento quedaran licencias sen adxudicar, estas pasarán a quenda de libre adxudicación,



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

convocándose ó efecto o correspondente concurso, que se axustará ás normas sobre contratación administrativa.

ARTIGO 8. NUMERO MÁXIMO DE LICENZAS

O número máximo de licenzas das que poderá dispoñer un mesmo titular será de dous e non podendo ser titular de licenza de taxi en distintos concellos.

ARTIGO 9. REQUISITOS PARA SER TITULAR DA LICENZA

O titular da licenza de taxi ha de cumprir os seguintes requisitos:

1. Ter nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea ou doutro país estranxeiro en que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais adscritos por España, sexa esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade coa lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.
2. Acreditar a titularidade do vehículo de turismo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido.
3. Xustificar o cumprimento as obrigas de carácter fiscal, laboral e social establecidas pola lexislación vixente.
4. Acreditar o cumprimento dos requirimentos técnicos do vehículo de turismo que utilicen para a realización do transporte que sexan esixibles pola normativa vixente.
5. Dispoñer da captación profesional que regulamentariamente se poida establecer para prestar servizos de taxi, carné de conducir BTP.
6. Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que se poidan ocasionar na prestación do servizo, segundo o disposto na normativa vixente.
7. Ter plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi.
8. Non ser titular de licencias de taxi en distintos concellos.

Non poderán obter licencias para exercer os servizos de transporte urbana de acordo a esta ordenanza:

1. As persoas en que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 71 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.
2. As persoas que foran titulares de licencia e transmitiran durante o prazo de dous anos a contar dende a data da súa transmisión.
3. Os que perderan a licencia por sanción do concello.



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

4. Os titulares de licencias e os condutores asalariados que foran sancionados por falta moi grave, conforme ao disposto por esta Ordenanza nos cinco anos inmediatamente anteriores á solicitude de licencia.

ARTIGO 10. DOCUMENTACIÓN

Os interesados deberán acompañar xunto coa súa solicitude de licencia a seguinte documentación:

1. Fotocopia cotexada de Documento Nacional de identidade ou, no caso de persoas xurídicas o número de identificación fiscal.
2. Declaración xurada de non estar incurso en algunha das situacións ás que fai referencia o artigo 9 da presente ordenanza.
3. No caso de que o solicitante vaia a conducilo vehículo, fotocopia cotexada do permiso de conducir da categoría BTP ou superior e do permiso municipal de condutor (ou xustificante de solicitar este último).
4. No seu caso, certificado expedido polo concello correspondente, acreditativo do número de licencias de que é titular o solicitante, de que non foi sancionado coa perda dalgunha licencia e de que non transmitiu unha licencia nos últimos dous anos.
5. Fotocopia cotexada do permiso de circulación do vehículo así como da ficha de características técnicas do mesmo (Marca, modelo, potencia e capacidade do vehículo que desexa adscribir o servizo).
6. Aquela outra documentación que sexa precisa para acreditar os requisitos recollidos no artigo 9 desta ordenanza.
7. Aqueles outros que poida prever a normativa de aplicación.

No caso de que o solicitante da licencia sexa o condutor asalariado do titular dunha licencia de auto taxi, deberá aportar ademais os seguintes documentos:

1. Certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que indique as cotas ingresadas polo empresario correspondente, titular da licencia de auto taxi, a favor do condutor asalariado. A certificación deberá expresalas datas de cada pago periódico.
2. Certificación expedida polo concello na que se faga constar o tempo que o condutor leva conducindo, por conta allea, vehículos de servizo público e se foi sancionado nos últimos cinco anos por infraccións cometidas con ocasión do servizo.
3. Certificado expedida polo titular da empresa na que o condutor preste o servizos, xustificativa do tempo que leva na mesma.



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

ARTIGO 11. REXISTRO MUNICIPAL DE LICENCIAS

1. No rexistro municipal de Licencias anotaranse, en todo caso:
 1. Os titulares das licencias e os seus datos identificativos
 2. Os condutores dos vehículos afectos ás licencias e os seus datos identificativos.
 3. Os titulares de permisos municipais de condutor de taxi e os seus datos identificativos
 4. Os vehículos afectos ás licencias e os seus elementos.
 5. As infraccións cometidas e as sancións impostas aos titulares das licencias.
 6. A situación administrativa na que se atopa a licencia, en actividade ou suspensión e data de efecto de devandita situación.
 7. Extinción da licencia, si prodúcese, a súa causa e a data.
 8. A autorización para exhibir publicidade.

2. Os titulares das licencias de taxi están obrigados a comunicar os cambios de domicilio e demais datos e circunstancias que deban figurar no rexistro no prazo dun mes.

3. O coñecemento dos datos que figuren no Rexistro será publico, aínda que para consulta dos mesmos polos particulares esixirase a acreditación dun interese lexítimo de acordo có disposto nos artigos 12 e seguintes da lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter persoal.

*TITULO III.— TRAMISIÓN DAS LICENZAS**ARTIGO 12. TRANSMISIÓN*

1. As licenzas de taxi serán transmisibles a calquera persoa física que o solicite e reúna os requisitos establecidos na Lei 4/2013, de 30 de maio, e a presente Ordenanza, previa autorización do Concello do Porriño e informe da Dirección Xeral competente en materia de transporte da Xunta de Galicia respecto da procedencia de transmisión da autorización interurbana de taxi.

2. As Licencias se poderán transmitir nos seguintes supostos:
 - a) Por falecemento do titular, a favor dos seus herdeiros lexítimos.
 - b) Por xubilación do titular, ben forzosa ou voluntaria ou por incapacidade laboral declarada polos tribunais ou organismos competentes que impidan o exercicio da profesión.
 - c) Por ser retirada de maneira definitiva ao titular a licencia de condución ou do permiso municipal de condutor de taxi, declarada por sentenza xudicial ou por acordo do órgano competente.



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

d) Cando o titular da licenza ostente un mínimo de dous anos, se ben neste caso non poderá o transmisor adquirir unha nova licenza municipal no prazo de cinco anos por ningunha das formas prescritas na presente ordenanza.

3. Non se poderá autorizar a transmisión da licenza de Taxi nas seguintes circunstancias:

- a) Si non transcorren polo menos dous anos dende a adquisición polo transmítente da condición de titular da licenza de taxi e da autorización interurbana de taxi. A limitación temporal indicada non será de aplicación en caso de xubilación, falecemento ou declaración de incapacidade para prestar o servizo de taxi.
- b) Si o transmítente e o adquirente non estivesen ao corrente da súas obrigacións tributarias e de seguridade social e as relacionadas coa actividade propia do taxi.
- c) Si non estivesen satisfeitas as sancións pecuniarias que poidan ser impostas, por resolución administrativa firme, ao transmítente ou ao adquirente, derivadas do exercicio da actividade como taxista.
- d) Si o adquirente, como consecuencia da transmisión, superase o límite máximo de concentración de licencias de taxi nun mesmo titular ou si é o titular dunha ou máis licencias de taxi noutro concello.
- e) No caso de que o informe previsto da Dirección Xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia tivese carácter desfavorable ou transcorra o prazo fixado neste informe para materializar a transmisión da licenza de taxi.

5. En todo caso a eficacia da transmisión da licenza de taxi estará condicionada á concesión da autorización interurbana, autorización que deberá solicitar o interesado á dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

6. O adquirente da licenza deberá iniciar a prestación do servizo no prazo dun mes dende a notificación da autorización de transmisión da autorización interurbana.

7. A persoa que transmite unha licenza de taxi non poderá ser titular doutra licenza de taxi no mesmo municipio ata que transcorrese un período de dous anos dende a transmisión.

ARTIGO 13. SUPOSTO DE FALECIMENTO DO TITULAR

No suposto de falecemento da persoa titular, os seus herdeiros adquirirán os dereitos e obrigacións inherentes aos títulos habilitantes, podendo figurar, no caso de que se constitúe, unha comunidade de herdeiros como titular de devanditos títulos habilitantes por un período máximo de dous anos dende o falecemento do causante. Transcorrido ese período, os títulos deberán constar adscritos a nome dunha persoa física, caducando en caso de non observar dita obrigación.

No caso de falecemento da persoa titular sen deixar persoas herdeiras determinará a extinción dos títulos habilitantes.

No caso de que a transmisión se produza a favor dunha persoa herdeira forzosa que careza dos requisitos exixidos para ser titular, os títulos habilitantes quedaran en suspenso por un



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

período máximo de dous anos, antes de quedar definitivamente extintos no caso de que non se cumpran tales requisitos o se produza a transmisión a favor dunha terceira persoa.

*TITULO IV.— DURACIÓN, CADUCIDADE, REVOGACIÓN DE LICENCIAS SUSPENSIÓN
TEMPORAL E EXTINCIÓN*

ARTIGO 14.

1. As licencias terán unha duración indefinida, sen prexuízo das causas de caducidade revogación e anulación establecidas no Regulamento Nacional dos Servizos Urbáns e interurbáns de Transporte en Automóbiles Lixeiros, aprobado por Decreto 763/1979 e na demais normativa de xeral e concordante aplicación.

2. As licencias de taxi se extinguen por:

- a) Renuncia da persoa titular o falecemento desta (sen herdeiros).
- b) Caducidade.
- c) Revogación por motivos de oportunidade.
- d) No caso de revisión de oficio do acto ou actos de outorgamento das mesmas, nos términos previstos na lei 39/2015, de 1 de outubro.

3. A licencia caducará por renuncia expresa do seu titular.

4. A corporación declarará revogada a licencia e retirarlle ó seu titular polas causas seguintes:

- a) Deixar de prestar o servizo público durante máis de 30 días consecutivos ou 60 alternos durante o período dun ano, agás que se acredite razóns xustificadas e por escrito perante o concello. O descanso anual regulado nesta Ordenanza estará comprendido nas anteriores razóns, non podendo atoparse ó mesmo tempo de vacacións máis do 15% dos titulares de licencias.
- b) Non ter o titular da licencia, concertada a póliza de seguro do vehículo en vigor.
- c) O arrendamento, aluguer ou apoderamento das licencias que supoñan unha explotación con autorizada por esta Ordenanza, e as transferencias de licencia non autorizadas pola mesma.
- d) O incumprimento das obrigas inherentes á licencia e demais disposicións que fagan referencia á propiedade do vehículo disposicións que fagan referencia á propiedade do vehículo.
- e) A contratación de persoal asalariado sen o necesario permiso municipal de condutor e sen a alta e cotización á Seguridade Social.
- f) Por incumprimento das disposicións sobre revisión periódica á que fai referencia o artigo 8 do Decreto 763/1979 e demais normativa de aplicación.
- g) Por retirar permanentemente o vehículo do servizo.



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

A caducidade e retirada da licenzia acordarase polo órgano municipal que a adxudicara, despois de tramitación do correspondente expediente, que poderá incoarse de oficio ou a instancia das centrais Sindicais, A Agrupación profesionais e Asociación de consumidores e usuarios.

ARTIGO 15

O concello revisará o cumprimento na prestación do servizo por parte dos titulares e condutores das licenzias de auto – taxi, incoando expediente sancionador e anulando no seu caso, aquelas licenzias que incorran nas falas reflexadas nesta Ordenanza. A anulación de licenzias conllevará unha remuneración das activas en cada momento.

ARTIGO 16. SUSPENSIÓN TEMPORAL

1. As licenzias de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos:

- a) A solicitude de persoa titular, cando teña que deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada.
- b) De oficio, en caso de transmisións forzosas, cando a persoa adxudicataria carecese dos requisitos esixidos para ser titular.

2. Non procederá estimar unha solicitude de suspensión ata que transcorrese un período de dous anos dende a data de finalización do anterior período de suspensión, salvo causa de forza maior debidamente acreditadas.

3. As solicitudes de suspensión entenderase estimadas si no prazo de tres meses o concello non houbese ditado e notificado resolución expresa, salvo que se houbese incumplido a limitación establecida no apartado anterior.

TITULO V.— DOS VEHICULOS AFECTADOS

ARTIGO 17. NORMAS XERAIS

Cada licenzia de taxi terá afecto un vehículo clasificado como turismo de acordo coas disposicións deste título e normativa de aplicación.

Devanditos vehículos deberán estar clasificados como turismos e ter as seguintes características:

1. Os automóviles ós que se refire esta Ordenanza deberán estar provistos de carrocería pechada, con portas de fácil acceso e perfectamente practicables para permitir a entrada e saída.
2. As dimensións mínimas e as características do interior do vehículo e dos asentos serán as precisas para proporcionar o usuario a seguridade e comodidade propias deste tipo de servizo.



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

3. Tanto nas portas como na parte posterior os vehículos levarán xanelas en número suficiente para acadar a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles, provistas de vidros transparentes e laminados. As portas estarán dotadas do mecanismo convinte para accionar os seus cristais á vontade do usuario.
4. No interior dos vehículos instalarase o necesario alumeadado eléctrico, debendo o condutor encendelo nos servizos nocturnos cando suba ou descenda a pasaxe. Asemade, deberán ir provistos de exterior de incendios homologado.
5. Os vehículos poderán ir provistos dunha mampara de separación entre o condutor e os usuarios, das características ó efecto establecidas e homologadas polas autoridades competentes cando se instale mampara de separación, a capacidade do vehículo será para tres viaxeiros como mínimo, aplicable a catro cando o condutor autorice a utilización do asento contiguo ó seu.
6. A autorización de instalación e funcionamento a base de G.L.P. deberá constar acreditada polo Organismo Oficial correspondente.

Os automóviles que vaian prestar esta clase de servizos reunirán, no momento de ser revisados polos servizos municipais para autorizar a súa posta en servizo, como mínimo, os seguintes requisitos:

1. Non poderán ter unha potencia fiscal inferior a 11 C.V.
2. Catro portas.
3. A súa capacidade será como mínimo cinco pasaxeiros, incluído o condutor e de sete como máximo. Para o caso de máis de cinco prazas, se estará o disposto na normativa autonómica de autorizacións de transporte interurbán de pasaxeiros en automóbil lixeiro por carretera.
4. Serán de cor branca ou gris prata ou negro. A pintura deberá ser coidada, o tapizado do interior en pelo ou material adecuado e as fundas que se utilicen estarán sempre limpas, prohibíndose expresamente as mantas ou telas suxeitas.
5. No centro das dúas portas dianteiras levarán, pintado, pegado ou inmantado, o escudo do Porriño, segundo o modelo e dimensións que se facilitará polo concello do Porriño. Na base do escudo figurará a lenda "O Porriño" e figurará o número de licenza.
6. O número de licenza figurará, pintado ou pegado ou imantado, en ámbalas dúas portas dianteiras, debaixo do escudo do municipio, así como na parte posterior do vehículo.
7. No interior do vehículo e de forma perfectamente visible, levarán as tarifas vixentes e unha placa na que figure o número de licenza, a matrícula do vehículo e o número total de prazas do mesmo, vehículo.
8. Os automóviles non poderán permanecer en servizo máis de dez anos dende a data da súa matriculación inicial. No momento en que supere a antigüidade citada suspenderase automaticamente a eficacia da licenza municipal, sen prexuízo de inicial correspondente expediente administrativo sancionador. Os titulares da licenza



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

disporán dun período transitorio de 12 meses para tramitar e formalizar o cambio vehículo adscrito a licenzia. O citado prazo computará a partires do día seguinte da finalización do prazo de dez anos anteriormente citada.

ARTIGO 18. TAXÍMETRO

Os vehículos afectados ao servizo de taxi deben estar equipados cun aparello taxímetro con impresora de factura debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, a fin de determinar o prezo de cada servizo.

O taxímetro haberá de estar situado no terzo central da parte dianteira da carrozaría tendo de estar iluminado cando estivese en funcionamento de forma que en todo momento resulte clara e cómoda para os viaxeiros a lectura dos valores que teñen que ser exhibidos.

ARTIGO 19. SUBSTITUCIÓN DE VEHICULO

Os titulares das licenzias poderán substituír o vehículo adscrito ás mesmas por outro máis novo, sempre que supoña unha mellora para o servizo e reúna as esixencias previstas na Lei, nesta ordenanza e na demais normativa de aplicación.

En todo caso requírese a autorización do Concello do Porriño para substituír o vehículo afecto a licenzia e o pagamento dos dereitos e taxas correspondentes.

A documentación que deberá presentar o titular con ocasión do cambio de vehículo é a seguinte:

1. Solicitude con xustificante do pago das taxas por revisión do vehículo e por emisión do certificado.
2. Fotocopia compulsada da documentación do vehículo.
3. Fotocopia compulsada da póliza contratada que cubra a cobertura da responsabilidade civil co xustificante de pago da mesma.
4. Licenzia municipal do vehículo que vai ser substituído.
5. A documentación que o concello considere necesaria para a comprobación da correcta prestación do servizo de taxi.

O concello poderá realizar cantas revisións considere necesarias do vehículo para comprobar o estado de conservación. Limpeza e demais condicións esixidas aos vehículos, previa notificación ao titular.



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

ARTIGO 20. DOCUMENTACIÓN

Para adscribir un vehículo á licenza municipal, o titular da mesma deberá presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI do solicitante (no caso de persoas xurídicas aportarase copia da escritura de constitución da sociedade e fotocopia do DNI do seu representante legal).
2. Fotocopia cotexada do permiso de circulación do vehículo expedida pola Xefatura Provincial de Tráfico, así como da ficha de características técnicas do mesmo.
3. Fotocopia cotexada da póliza de seguro do vehículo e do recibo xustificativo do pagamento da prima correspondente.

ARTIGO 21. VEHÍCULO ADAPTADOS.

Os vehículos como accesibles ou adaptados cumprirán as condicións e requisitos establecidos en Real Decreto 1544/2007, de 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o aceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade ou norma que o substitúa.

Estes taxis prestarán servizos de forma prioritaria ás persoas con discapacidade, pero, en caso de estar libres destes servizos, estarán en igualdade cos demais taxis non adaptados para dar servizo a calquera cidadán sen discapacidade.

ARTIGO 22. PUBLICIDADE

O concello do Porriño poderá autorizar aos titulares das licenzas de taxi, a contratación e colocación de anuncios publicitarios comerciais no exterior dos vehículos sempre que conserven a súa estética e non impidan a súa visibilidade.

Para os anuncios publicitarios comerciais, os titulares de licenzas deberán solicitar a correspondente autorización a cal concederáse de forma individualizada para cada licenza municipal. A validez da autorización coincidirá co ano natural, polo que caducará o 31 de decembro de cada ano.

As autorizacións ás que se refire o presente artigo, outorgaranse con suxeición á lexislación vixente en materia de tráfico e seguridade vial e á normativa xeral de publicidade. En todo caso, prohíbese sexista ou que atenda contra os dereitos das persoas.

TITULO VI.— DOS CONDUTORES DOS VEHICULOS DE TAXI

ARTIGO 23. NORMAS XERAIS

1. Cada licenza de taxi non poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutores incluída a persoa titular.



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

2. As persoas titulares de licenzas de taxi haberán de prestar o servizo persoalmente con plena e exclusiva dedicación a devandita actividade.

ARTIGO 24.

Para conducir vehículos automóbiles adscritos ó servizo publico regulado, nesta Ordenanza o Concello poderá esixir a obtención do permiso municipal de condutor expedido polo concello.

Poderán solicitar permiso municipal para conducir automóbiles de servizo público as persoas maiores de 18 anos e que non incorran nalgunha das causas de incapacidade indicadas no artigo 9 desta Ordenanza.

A solicitude de permiso municipal de condutor deberá acompañarse dos seguintes documentos:

1. Fotocopia do DNI ou documento que o substitúa.
2. Fotocopia do permiso de condución de automóbiles da categoría BTP ou superior, expedido pola Xefatura Provincial de Tráfico.
3. Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade infectocontaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.
4. Declaración xurada de non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade indicadas no artigo 10 desta Ordenanza.
5. Dúas fotografías tamaño carné.
6. Documento acreditativo de estar de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

A proba de aptitude e exame para obter o permiso municipal de condutor será competencia do concello, que designará a composición do tribunal examinador. Nesta proba acreditarase o coñecemento das vías públicas, lugares de interese turístico, locais de esparcemento público, oficinas e demais centros e edificios públicos, monumentos, principais hoteis e itinerarios máis directos para chegar ós puntos de destino.

ARTIGO 25.

1. O permiso municipal de condutor renovarase cada dez anos mediante a presentación dos documentos ós que fai referencia o artigo anterior.

2. O permiso municipal caducará:

- a) Pola non renovación do mesmo.
- b) Por xubilación do titular.
- c) Por incapacidade ou invalidez, laboral do titular para a prestación de servizo, declarada pola autoridade xudicial ou administrativa competente.
- d) Cando o permiso de condución da categoría esixida polo Regulamento Xeral de condutores fora retirado definitivamente ou non renovado ó seu titular.



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

- e) Nos casos previstos na Lei de Seguridade Vial.
 - f) Por perder o titular calquera dos requisitos para a súa concesión.
 - g) Polo non exercicio da profesión durante un ano.
 - h) Polas causas que estableza a lexislación vixente.
3. Poderá ser suspendido ou retirado temporalmente.
- a) Nos casos de sanción previstos na presente Ordenanza.
 - b) Cando fora temporalmente suspendido ou retirado o permiso de condución da categoría esixida polo Regulamento Xeral de condutores.

ARTIGO 26.

1. Para conducir un vehículo auto- taxi, o titular do permiso municipal de condutor deberá obter a correspondente autorización do concello.

2. Se o titular do permiso municipal de condutor é titular da licenza á que está adscrito o vehículo que pretende conducir, a autorización á que se refire o apartado 1º deste artigo entenderase concedida implicitamente.

3. Se o titular do permiso municipal de condutor pretende conducir un vehículo que non sexa da súa propiedade, a autorización deberá ser solicitada conxuntamente por aquel e polo titular da licenza á que esta adscrito o referido automóbil, debendo axuntar á solicitude fotocopia do permiso municipal de condutor expedido a favor do titular da licenza. A autorización que no seu caso se conceda, quedará condicionada en canto a súa eficacia a que o empresario titular da licenza presente no concello, dentro dos cinco días seguintes á data de formalización do oportuno contrato de traballo, fotocopia do mesmo e da alta na Seguridade Social do traballador. Sen cumprir estes requisitos o condutor asalariado non poderá prestar servizo e o período de tempo que puidera prestalo antirreglamentariamente non se computará a efectos de transmisións de licencias, sen prexuízo das sancións que puideran imponse.

ARTIGO 27.

Calquera cambio que se produza na relación laboral entre titular da licenza e asalariado, deberá poñerse en coñecemento do concello dentro dos cinco días seguintes aquel en que tivera lugar a modificación de relación laboral, debendo acreditar documentalmente ese extremo.

ARTIGO 28.

Estará prohibido ós condutores:

1. Ofrecer os vehículos a voces e saír ó encontro dos viaxeiros.
2. Abandonar os vehículos, cando estean de servizo, agás casos de forza maior ou xustificada.



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

3. Situar os vehículos en lugares non autorizados, agás que estean alugados ou fóra de servizo.
4. Levar no vehículo a unha terceira persoa sen coñecemento ou consentimento do viaxeiro que alugara o vehículo.

ARTIGO 29.

1. O titular de unha licenza de auto – taxi poderá solicitar voluntariamente excedencia por un período comprendido entre 6 meses e 5 anos.

2. Se o período polo que se concedeu a excedencia fose inferior a cinco anos, o titular da licenza poderá solicitar distintas prórrogas hasta cumprilos.

3. O concello concederá a excedencia e a súa prórroga sempre que non supoña un prexuízo grave na prestación do servizo público, sempre e cando o solicitante non desfrutase de outra excedencia nos anteriores dous anos.

4. Transcorrido o tempo polo que se concedeu a excedencia, o titular da licenza deberá volver a prestar o servizo, podendo facelo con anterioridade, sendo preciso en ámbolos dous casos o previo comunicado ó concello.

De non volver a prestar servizo, procederase á transmisión da licenza acorde o establecido nesta Ordenanza.

ARTIGO 30.

1. Durante o período de excedencia, o titular da licenza poderá optar por cesar no exercicio da súa actividade ou por continuar na mesma mediante a contratación dun asalariado, que deberá reunir os requisitos sinalados no artigo 9 desta Ordenanza para conducir o vehículo afecto á licenza.

2. A contratación deste traballador será comunicada o concello con anterioridade o inicio da súa primeira xornada laboral segundo os requisitos e condicións establecidos nesta Ordenanza, constando no Rexistro Municipal de Licencias.

ARTIGO 31. A TARXETA DE IDENTIFICACIÓN DE CONDUTOR DE TAXI.

1. Para a adecuada identificación do condutor de taxi, o concello do Porriño facilitará un modelo de tarxeta de identificación de condutor que conterá unha fotografía do condutor, así como, entre outros datos, o número e data de autorización do permiso de condutor de taxi, matrícula/s do vehículo/s e número da licenza á que estea adscrito.

2. A tarxeta de identificación, que deberá portarse sempre que se estea prestando servizo, colocarse na parte inferior dereita da lúa dianteira do vehículo de forma que resulte viable tanto dende o interior como dende o exterior do mesmo.



Luns, 11 de decembro de 2023

Núm. 236

ARTIGO 32. REQUISITOS PARA A EXPEDICIÓN.

1. Corresponde ao titular da licencia de taxi a expedición da tarxeta de identificación de condutor de taxi propia e/ou a dos seus condutores asalariados, conforme o modelo proporcionado polo concello.

2. Corresponde ao Concello a supervisión da tarxeta de identificación que dará o visto bo mediante os mecanismos oportunos.

3. Para a expedición da tarxeta de identificación de condutor de taxi do propio titular da licencia, deberá acreditarse documentalmente que o titular cumpre os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi en vigor.
